

Ferrol 18.2.2013. Denuncias diante do Fiscal Xeral de Galicia en relación coa presuntas corrupcións e irregularidades coa planta de gas de Mugardos. Membros do **Comité Cidadán de Emerxencias para a Ria de Ferrol, ADEGA e AGE**
mantuvimos un encontró co Fiscal Xeral de Galicia a propósito da problemática da Planta de Gas de Reganosa. Entregado un amplo dossier informativo sobre a planta de gas. Explicandolle a Carlos Varela a situación de ilegalidade, reafirmada tras a sentenza do Tribunal Supremo, e insistimos na perigosidade da mesma e a ameaza que supón para a cidadanía o incumprimento de toda a lexislación medioambiental e de seguridade. O proceso de destrucción da Ría de Ferrol como consecuencia do uso fraudulento da auga do mar na que verten inxentes cantidades de hipoclorito sódico, denunciamos o recheo ilegal no que se asenta Reganosa así como a complicidade das diferentes administracións. Solicitamos a esta Fiscalía que dada a situación de evidente ilegalidade, perigosidade e dano medioambiental inicie actuacións encamiñadas á suspensión da actividade de Reganosa. Información adicional:

http://cociudem.wordpress.com/